



En Santiago de Compostela, a 8 de outubro de 2003

COMPARECEN

Dunha parte, D. Senén Barro Ameneiro, Rector Magnífico da USC, actuando en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante USC), con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15706 Santiago de Compostela.

De outra parte D. Don Alberto Fernández de Sanmamed Santos, actuando en calidade de presidente do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, (*en adiante CESG*) con domicilio social da rúa Gómez Ulla nº 7, 3º en Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar con os sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema productivo.

SEGUNDO.- Que segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

TERCEIRO.- Que o CESG ten como fins, segundo os seus Estatutos: representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de



educador/a social, cooperar na mellora dos estudos conducentes a obtención do título de educador social e mellorar o nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados/as, promovendo a formación e o perfeccionamento deles.

CUARTO.- Que tanto o CESG como a USC están de acordo en establecer unha colaboración nos campos de interese común, incluíndo a participación conxunta en proxectos de investigación e actividades formativas. Tendo en conta o anteriormente exposto, a USC e o CESG

CONVEÑEN

Estreitar as súas relacións, unir esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun marco preestablecido, os contactos e colaboracións de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO ACORDO MARCO

O obxecto deste acordo é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a USC e o CESG en actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico.

SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

- Execución de proxectos e programas de investigación e desenvolvemento, a realizar entre a Facultade de Ciencias da Educación e o CESG.
- Promoción da participación dos profesionais da educación social en espacios docentes relacionados coa practica profesional da Educación Social.
- Estudio para la implantación de planes especiais de estudio y acceso a la Diplomatura de Educación Social para los colexiados habilitados en el CESG, sempre segundo a normativa vixente.



- Posibilitar a participación de alumnos da Diplomatura de Educación Social nos grupos de traballo, sección profesionais ou actividades organizadas polo CESG.
- Colaboración do CESG nos procesos de revisión do plan de Estudos da Diplomatura de Educación Social ou calquera outro ámbito que afecte a formación dos futuros profesionais da Educación Social.
- Difusión da existencia e finalidades do CESG entre os estudantes da Diplomatura de Educación Social.
- Cooperación en programas de formación de persoal investigador e técnico.
- Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ámbalas dúas entidades.
- Organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Colaboración cultural en materias *relacionadas coa educación social*.
- Colaboración de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento de practicas tuteladas do alumnado das distintas titulacións da Facultade de Ciencias da Educación
- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente Acordo Marco.

TERCEIRA.- NORMAS DE COLABORACIÓN

A participación dos investigadores da USC nas actividades recollidas no presente convenio efectuarase conforme á regulamentación propia da USC recollida nos seus Estatutos e no Regulamento para a Realización de Traballo de Carácter Científico, Técnico ou Artístico e Desenvolvemento de Cursos de Especialización. e de acordo coa Lei de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e coa Lei Orgánica de Universidades.

As colaboracións derivadas deste Acordo Marco quedarán sometidas ás normas aquí indicadas e a aquelas que se acorden para cada un dos Convenios Específicos, tendo en conta a natureza da colaboración e o Centro onde se realice o traballo.



CUARTA.- CONTIDO DOS CONVENIOS ESPECÍFICOS

Cada proxecto e/ou programa de actuación no marco deste Acordo será obxecto dun Convenio/Contrato Específico que deberá conter, entre outros, os seguintes aspectos:

- Definición do obxectivo que se persigue.
- Descrición do Plan de traballo, que incluírá as distintas fases do mesmo e a cronoloxía do seu desenvolvemento.
- Presuposto total e medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando as apartacións de cada entidade.
- Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- Nomes das persoas, unha por cada parte, que designaranse por mutuo acordo e se responsabilizarán da marcha do Convenio.

QUINTA.- ESTABLECEMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Para facilitar a elaboración dos Convenios Específicos, o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha Comisión Mixta paritaria integrada polo Decano da Facultade de Ciencias da Educación ou membro do equipo decanal en quen delegue, e Coordinador do Practicum da Facultade de Ciencias da Educación pola USC, e polo CESG o Presidente, ou membro da Xunta de Goberno no que delegue e o secretario do CESG.

A Comisión Mixta dictará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

SEXTA.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Á Comisión Mixta lle corresponden, entre outras, as seguintes funcións:

- Propoñer posibilidades de colaboración en temas de interese común.
- Preparar os Convenios Específicos de execución do presente Acordo Marco sobre as materias seleccionadas, dentro das modalidades de colaboración establecidas na cláusula segunda.



- Elevar as propostas que elabore os órganos competentes das dúas partes.
- Realizar o seguimento dos Convenios Específicos que se subscriban, así como aclarar e decidir cantas dúbidas podan plantexarse na súa interpretación e execución.

SÉTIMA.- PERSOAL

Tanto a USC como o CESG poderán poñer a disposición da outra entidade a algúns dos seus profesores ou técnicos, asumindo a súa remuneración e demais obrigacións civís e sociais a entidade de orixe. Este persoal estará obrigado, neste caso, a cumprir coas normas que rexan no centro ó que vaian a traballar.

OITAVA.- EQUIPAMENTO

Os bens aportados por unha parte nun proxecto común serán sempre da súa propiedade. A propiedade de bens inmobles ou equipos adquiridos ou construídos no marco de un proxecto común determinarase, en cada caso, no Convenio Específico correspondente.

NOVENA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente Acordo Marco entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia será de tres anos, renovables por períodos iguais por acordo tácito.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN E RESCISIÓN

As partes poderán modificar ou denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicándoo por escrito á outra parte con seis meses de antelación á data no que vaia a dalo por rematado. En ámbolos dous casos deberán rematarse as tarefas dos Convenios Específicos que estean vixentes.



UNDÉCIMA.- XURISDICCIÓN


O CESG e a USC comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

No seu caso, as partes contratantes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orden á interpretación ou cumprimento do presente Convenio á xurisdicción Contencioso-Administrativa, dado o carácter público da Universidade.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Pola USC

Polo CESG



D. Senén Barro Ameneiro,
Rector

 **Colexio de Educadores Sociais de Galicia**
Rúa Gómez Ulla, 7-3º. 15702 Santiago de Compostela
C.I.F.: Q. 1500270 B

D. Alberto Fernández de Sanmamed Santos
Presidente